



ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2023/2024

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado nos centros educativos sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, incorporado á normativa autonómica de admisión modificacións introducidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

O período de presentación de solicitudes de admisión nos centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2023/24 será do 1 ao 20 de marzo.

Os nenos e nenas dos lugares de Traba, Verdes, Seavia, Segufe, Amboade, Arixón, Buxán, Cerqueiras, Centiña, Cereo, Mira e Valenza nados no ano 2020 e anteriores que non estean escolarizados poderán solicitar impreso de admisión na secretaría do centro.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Do 1 – 20 de marzo (presencialmente)
	Do 1 – 20 de marzo (telemáticamente)

Oferta de postos escolares					
Educación Infantil		Educación Primaria		ESO	
4º (3 anos)	22+3(n.e.e.)	1º	8+3(n.e.e.)	1º	10+6(n.e.e.)
5º (4 anos)	14	2º	4	2º	15
6º (5 anos)	4	3º	21	3º	16
		4º	2	4º	7
		5º	1		
		6º	18		

No caso de que existise máis demanda que oferta de postos escolares o centro abrirá un prazo do 21 de marzo ao 3 de abril para que os pais, nais ou titores/as legais dos solicitantes presenten a documentación precisa para a baremación das solicitudes.

CENTROS ADSCRITOS A NÓS CEIP Bormoio – Agualada (1º ESO) CRA Santa Comba – Coristanco (3º Primaria)	CENTROS AOS QUE ESTAMOS ADSCRITOS IES Alfredo Brañas – Carballo (1º Bacharelato)
--	--

Servizos complementarios ofertados polo centro	Comedor e transporte escolar (Decreto 132/2013 do 1 de agosto)
O alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Orde 12 de marzo do 2013. Art. 6)	

Publicación listaxe provisional de admitidos (Exporase no taboleiro interior do centro)	25 de abril
Prazo de reclamacións	dende o 26 de Abril ao 3 de mayo
Publicación listaxe definitiva de admitidos (Exporase no taboleiro interior do centro)	15 de maio
Prazo para a formalización da matrícula	Ed. Infantil e Primaria: 20 ao 30 de xuño ESO: 23 de xuño ao 7 de xullo

O solicitante presentará unha única solicitude no centro que se solicite en primeiro lugar. Nela poderán relacionarse ata seis centros, por orden de preferencia, que serán considerados posteriormente, de non ser admitido no centro no que se presente a solicitude.

Si se presentase máis dunha solicitude no mesmo centro ou en centros diferentes, as mesmas serán ineficaces.

O alumnado que teña garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión distinto deberá comunicar a renuncia á reserva (por escrito) antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

A solicitude presentada poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes. Logo deste prazo a solicitude será vinculante.